

O GALEGO NO CINEMA GALEGO

Brais Romero Suárez

Introdución

En Galicia conviven dúas linguas: castelán e galego. Linguas recoñecidas polas leis e que, sobre o papel, conviven en igualdade de condicións. Galicia, pois, sería un país bilingüe, onde o uso das dúas linguas debería estar normalizado e estendido. Porén, as estatísticas oficiais do Instituto Galego de Estatística (en adiante, IGE) amosan un retroceso respecto a outros anos no número de galegofalantes. Así mesmo, os ámbitos de uso desta lingua estanse a ver reducidos considerablemente. O suposto bilingüismo convértese en diglosia, é dicir, no uso dun idioma por riba do outro: o castelán por enriba do galego.

Esta investigación quere pór o foco de atención sobre o galego e a súa situación respecto do cinema partindo dunha falacia que o filólogo Moreira recolle na súa tese doutoral: non hai público para o cinema en galego (2012, p.155). Unha falacia que, aínda que nunca expresada, parece ser repetida por moitos dos axentes que participan do cinema: autores, institucións, políticas audiovisuais, etc.

Escollemos coma obxecto de estudo o cinema por dúas razóns: a primeira, porque o cinema é un feito colectivo. Desde a súa creación, no cinema participan sonidistas, directores, actores, etc.; mais tamén o público: non existe cinema sen público. O propio feito da filmación ten por obxectivo a súa exhibición. Por outra banda, pensamos no cinema en tanto á responsabilidade dos autores da que falaba Sommer (2012), polo que entendemos que, respecto da lingua, a escolla dunha ou outra é un feito político.

Partiremos da hipótese que apunta Moreira para intentar descifrar se, en efecto, non existe público para o cinema en galego. Para isto, estudaremos os textos oficiais para debuxar cal é a postura oficial das institucións respecto do idioma e, concretamente, do idioma no cinema. Tomando coma punto inicial a Lei 6/1999, posto que é a primeira lei de Galicia arredor do audiovisual, e, polo tanto, do cinema, para continuar coas diferentes convocatorias de subvencións da Axencia Galega de Industrias Culturais (en adiante, AGADIC).

Unha vez clarificada a postura dos axentes arredor da lingua, analizaremos as estatísticas oficiais para tratar de adiviñar os hábitos de consumo dos galegos; hábitos

que poden ser considerados coma tendencias ou indicadores, mais non coma datos totais posto que, ás veces, nos teremos que apoiar en datos referentes aos consumo de medios de comunicacións ou similares, xa que a lingua non aparece reflexada nas pescudas do IGE arredor do cinema en Galicia.

O galego no cinema galego

Como punto de inicio, cómpre situar o cinema galego dentro dos cinemas das pequenas nacións e, dentro destas, das nacións sen estado. Partindo da definición do profesor Stephen Crofts, consideraremos o cinema de Galicia como “un cinema rexional cuxa cultura e/ou lingua toman distancia das nacións-estado que os encerran” (1993, p.45). Como sinala Crofts, a lingua é o signo visible da identidade colectiva, é dicir, o galego é o signo visible da identidade galega, feito que sinalan o profesor e sociolingüística Henrique Monteagudo (2012, p.74) e o profesor Xosé Ramón Freixeiro Mato (2006, p.241).

Porén, e como sinalabamos na introdución, en Galicia a lingua está ameazada pola dominio do castelán. O escenario ideal de bilingüismo que recolle o Estatuto de Autonomía de Galicia entre as linguas galega e castelá é, en realidade, un escenario de diglosia. Esta situación, herdada da persecución e represión do réxime franquista que buscaba a desaparición do idioma galego (Beramendi, 2003, p.1073), continuou chegada a democracia e resultou nun proceso de bilingüismo substitutivo (Moreno, 2008) que aínda hoxe continua.

No cinema, a situación é similar á vivida na sociedade: aínda que existen leis, axudas e outros mecanismos de promoción do idioma galego, a maioría do cinema faise en castelán como veremos máis adiante. Entre as medidas de promoción do galego destaca a Lei 6/1999, primeira lei do estado español destinada a legislar o audiovisual e, por conseguinte, o cinema. Este texto recollía o compromiso do Estatuto de Autonomía co idioma e situaba na Xunta de Galicia a responsabilidade de promocionar o uso do idioma galego no cinema ao considerar ao cinema unha ferramenta de difusión cultural:

A promoción e a difusión da cultura e normalización da lingua galega, así como a defensa da identidade galega. *Artigo 4.b da Lei 6/1999, Diario Oficial de Galicia (1999).*

A lei, que foi ratificada por unanimidade polo Parlamento de Galicia, incide en diferentes ocasións na importancia de difundir o cinema galego, a identidade e a lingua. Un compromiso político que, nos vindeiros anos, ficaría estéril ao demostrarse ineficaces moitas das políticas audiovisuais argalladas arredor do cinema. Porén, antes de entrar a analizar estas políticas, é importante sinalar a importancia que esta lei pon sobre o cinema do que di recoñecer a importancia cultural, económica e social e “do papel que poden desempeñar como creación artística, información, coñecemento e imaxe de Galicia, a prol da consecución da normalización cultural e lingüística de Galicia” (1999). De novo, lingua e identidade van da man.

O compromiso expresado na Lei 6/1999 viuse reflexado nas diferentes convocatorias de axudas convocadas polos diferentes organismos dependentes do goberno en materia de cinema. Así, no ano 2003, a Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, convoca as “axudas para o desenvolvemento de guións e para a realización de proxectos de produción audiovisual en lingua galega que incorporen novos realizadores”. Unha convocatoria de axudas nas que a lingua galega era condición *sine qua non* posto que están adicadas ao “desenvolvemento de guións en lingua galega” e “realización de proxectos de produción en lingua galega”. Dez anos máis tarde, AGADIC convoca unhas axudas adicadas a “subvención de producións ou coproducións audiovisuais en lingua galega con decidido contido artístico e cultural” (2013, p.36155), convocatoria onde o goberno comeza a retorcer as palabras cara unha linguaxe máis eufemística. Onde antes os filmes eran en lingua galega, agora son “películas de valor cultural” (2013, p.36155). Unha tendencia que, dous anos despois, vese confirmada coa convocatoria das “subvencións para o desenvolvemento de proxectos audiovisuais de produción galega” (2015, p.8506). Quince anos despois da promulgación da Lei 6/1999 onde se recolle o compromiso do goberno galego por promocionar a lingua galega e a identidade a través de políticas audiovisuais, o galego desaparece dos requirimentos e dos textos das subvencións adicadas ao cinema.

Porén, esta situación non se dá só nos textos legais, senón tamén naqueles destinados a promocionar o cinema galego alén do territorio propio. As diferentes edicións do catálogo Films From Galicia por parte de AGADIC potencian, con gran diferenza, un cinema filmado en castelán. A imaxe, pois, que se externaliza desde os propios organismos dependentes do goberno é a dun cinema galego que non fala o galego, senón que fala o castelán. Nas catro edicións do catálogo (2013, 2015, 2016 e 2017)

33 filmes son en castelán, fronte a tan só 15 filmes en galego. É a representación que fai AGADIC parcial ou representa a realidade do cinema galego?


O profesor e crítico de cinema Miguel Anxo Fernández sinalaba tres criterios para sinalar un filme galego: o idioma, a rodaxe no territorio propio e o capital galego (2010, p.397). O propio Fernández analizaba máis adiante o rol do idioma, que consideraba parte indispensable da construción dunha identidade propia, ao sinalar que tomar tan só o idioma galego coma criterio para considerar un filme galego podería levarnos a unha categorización con erros. En efecto, Galicia é un país bilingüe polo que, ao igual que desde aquí sinalamos a diglosia existente na sociedade galega, non incurriremos no erro de dividir o cinema galego naquel feito en galego ou en castelán, posto que nos levaría a unha visión parcial que non sería representativa do que é o cinema galego. Porén, facer esta división entre o que é e non é cinema galego escapa ao obxecto desta investigación.

Volvendo ao idioma debemos citar a clasificación que fai o profesor Crofts respecto dos cinemas nacionais, situando a Galicia naqueles “cinemas nacionais cuxa identidade e/ou lingua toman distancia daquelas nacións-estado nas que están englobadas” (1993, p.45). Esta convivencia de dúas linguas deixa de ser un síntoma de riqueza cultural e diversidade para ser unha contraprestación que encarece as producións obrigando a subtitular ou dobrar os filmes para poder ser exhibidos no territorio español. O propio Fernández, que antes sinalaba a importancia do idioma no cinema, di que “poderíamos dicir que a saída cara o exterior do produto galego nas circunstancias presentes se produce a través desta canle de relación que, por forza, dadas as características do comercio audiovisual, nos obriga a virarlle a fala ao castelán” (2010, p.400).

O galego, pois, deixa de ser unha expresión da identidade galega para ser un sobrecoste da produción. A lingua non é rentable e, polo tanto, prescindible. Sobre este carácter rendible da lingua, o profesor Moreno Cabrera ten enunciado os efectos que ten a lei do progreso: “no mundo da globalización económica, as pequenas comunidades que non se incorporan ás correntes dominantes están condenadas á pobreza e ao subdesenvolvemento; por iso, esa incorporación, que supón case sempre o abandono dun determinado modo de vida, dunha cultura ou dunha lingua, considérase como un paso máis no desenvolvemento natural da humanidade cara a cotas cada vez máis amplas de progreso” (2010, p.19). Así, políticas audiovisuais e axentes que participan do cinema galego xustifican o esquecemento da lingua

amparándose nunha idea de éxito ou repercusión que venden coma natural. Porén, non todo o sector cinematográfico fica quedo ante este borrado, voces coma as de Rivera (2004) ou Amil (2004), desde o sector cinematográfico, ou Roca, Rodríguez Vázquez e Pérez (2015), desde o ámbito académico, denunciaron a pouca aposta do propio cinema pola creación en galego. A crítica máis dura ante esta situación viu de Comba Campoy, Alberte Pagán e Xis Costa, nun artigo no que denunciaban o uso do galego para cumprir os requisitos das axudas públicas ao cinema:

“A lingua galega só se utiliza cando as subvencións obrigan (autoridades: tomen nota). Mais trátase dun uso litúrxico e forzado, un pequeno contratempo que se debe soportar. Os filmes ródanse en castelán para a continuación sen dobrados ao galego (pero, en canto a nós, sempre preferimos as versións orixinais, que lle imos a facer).” *Do compromiso com a língua (III)*, Campoy C., Pagán, A. e Costa, X, (2006).



As cifras sobre a presenza do galego nos filmes realizados nos últimos anos tampouco constatan esta realidade. Menos dun 25% das producións cinematográficas realizadas entre o ano 2000 e 2015 son en galego, fronte a un 66% de producións que son en castelán. O lingüística Miguel Moreira sinalaba que “os principios do capitalismo abranguen tamén ás linguas, por ser o

mercado quen impón al ingua en que podemos ler ou acceder á cultura en xeral, quer nos medios de comunicación, quer no teatro ou quer no cinema” (2012, p.155), incidindo máis na teoría do borrado da lingua galega do cinema galego. Galicia deixa de lado a súa identidade para representarse a si mesma no seu cinema coma un lugar calquera, desposuída da súa lingua propia: autoborrada, segundo o termo acuñado por Montáñez e Martin-Jones (2013). O mercado da exhibición, en mans de grandes empresas, premian a aqueles filmes que, con menos custe, son máis rendibles. Comportamento que creadores e institucións aceptan sen cuestionar e aos que se adaptan, como se amosa na deriva eufemística da linguaxe lexislativa de AGADIC que antes citamos, e que parece escudarse na falacia que Moreira expuña e que antes citamos: non hai público para o cinema galego.

A realidade do sector cinematográfico en Galicia

Antes de entrar a analizar os datos estatísticos dos hábitos de consumo dos espectadores galegos, é preciso debuxar o panorama actual respecto do sector cinematográfico. O estourido da crise económica provocou, de forma colateral, un descenso de espectadores nas salas, que chegou ata a barreira dos 4,5 millóns de espectadores, cifra que non se acadaba desde 2006. Así mesmo, no 2015, as cifras ascenderon de novo ata os 4,1 millóns, un lixeiro repunte que, en realidade, non afecta ás producións galegas ou españolas.

O IGE non recolle diferencias entre a recadación de filmes galegos, polo que, neste punto, teremos que apoiarnos nos datos dos filmes españois sabendo que, unha porcentaxe non clarificada, son filmes galegos. Respecto das espectadores entre cinema estranxeiro e cinema español, a diferenza mantívose sempre no dobre, chegando no 2013 a ser a cifra de espectadores de filmes estranxeiros seis veces superior.

Ao non obter datos do IGE respecto das espectadores ou do alcance dos filmes galegos, tomaremos como exemplo o ano 2014. Nese ano 35 cines mantiñan a súa actividade en 175 galegas; nese mesmo período, 11 filmes galegos se estreaban. Sendo optimistas e considerando que esas dez producións chegasen ás salas, serían un 2,33% das 471 películas exhibidas en Galicia nese ano. Datos que, insistimos, son resultado deste exercicio estimativo, polo que teñen que ser analizados como un indicador da realidade cinematográfica, e non como datos absolutos.

Os hábitos de consumo do espectador galego de cinema

Unha vez aclarados os indicadores económicos e industriais da cinematografía en Galicia, cómpre ver, brevemente, a realidade do espectador de cinema para confirmar ou desmentir se existen, en efecto, espectadores para o cinema galego.

A partir dos datos ofrecidos polo IGE, podemos afirmar que máis da metade dos enquisados amosan polo interés polo cinema, valorándoo cun 7 ou máis. Asemade, un 40% dos enquisados afirman asistir ao cinema ao menos unha vez ao ano, fronte a un 35% que non asiste nunca ou case nunca. Entre as razóns para a non asistencia ao cinema, o prezo da entrada é a razón sinalada polo 27,2% dos enquisados.

Se analizamos os datos por franxas de idade podemos ver que existe unha tendencia moito máis forte entre os menores de 29 anos a asistir ao cinema. Mentres que en

franxas coma os 30 e 49 anos a porcentaxe de asistencia ao cinema ao menos unha vez ao ano é dun 48,22%, a franxa de 15 a 29 anos (descartamos aquela franxa entre 5 e 14 posto que a dependencia paterna e a escaseza adquisitiva fan que as súas estatísticas vaian unidas a outras), amosa un contundente 75,85% de enquisados que din asistir ao cinema ao menos unha vez ao ano.

Os hábitos lingüísticos do espectador galego de cinema

Partindo das cifras de asistencia ao cinema, centraremos a nosa atención na franxa de idade entre 15 e 29 anos posto que son os que, de acordo ás estatísticas, asisten con maior frecuencia ao cinema. Aclarado isto, é preciso analizar que rol xoga o galego para estes espectadores.

Comezamos certificando a evidencia de que o 94% dos enquisados comprenden o galego falado, así como o 83% entende bastante ou moito o galego escrito. Así mesmo, comprobamos que o cinema non aparece reflexado coma un dos medios a través do cal os galegos aprenden o idioma. Si aparecen representadas a radio e televisión galegas, cun 0,69%, da cal unha porcentaxe, non podemos cifrar cal, correspondería aos filmes que se emiten na CRTVG dobrados ao galego.

En canto ao uso do galego de forma habitual, as cifras amosan un bilingüismo case paralelo entre galegofalantes e castelanfalantes. Porén, Monteagudo advirte que estas estatísticas parecen responder non á realidade social, senón a unha “desexabilidade social” (2012, p.54), é dicir, á opción politicamente correcta. No caso de que, en efecto, existise un bilingüismo, este aproximaríase máis á definición de Moreno de “bilingüismo substitutivo” (2010), sobre o que tamén traballou o filólogo e anterior Secretario Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia Anxo M. Lorenzo (2008).

Respecto da conciencia da importancia do idioma, as estatísticas do IGE amosan que os xoves entre 15 e 19 anos están concienciados da importancia do idioma e cren que a situación será peor dentro de cinco anos, algo sobre o que o recente informe sobre as practicas lingüísticas da mocidade do Consello da Cultura Galega tamén incide (2017).

No tocante ao cinema, como dixemos antes, constatamos que non é unha canle a través da que o galego se aprenda. Porén, sobre o consumo de cinema en galego, tanto o IGE coma o estudo do Consello da Cultura Galega esquéceno ao preguntar sobre o consumo de medios en galego. Tan só na publicación “Prácticas e Actitudes

Lingüísticas da Mocidade en Galicia” atopamos que “tampouco existe unha preferencia polo cine en galego” (2017, p.20).

Concluimos que os espectadores galegos de cinema, é dicir, aqueles que están nunha franxa entre os 15 e os 29 anos, amosan unha conciencia clara respecto da importancia da lingua galega e da situación de ameaza na que vive. Asemade, comprobamos que, aínda que non existe unha preferencia expresa polo cinema en galego, estes indicadores amósannos que existe un público potencial que podería consumir cinema en galego e que, ademais, é consciente da importancia de crear en lingua galega e de empregar a lingua galega.

Conclusiones

Tras este estudo concluimos que existe público para o cinema en galego. Aínda que os datos que manexamos non poden ser tomados coma absolutos, estes indícanos que existe unha forte concienciación social arredor da lingua, especialmente forte entre a franxa de idade que amosa un maior hábito de asistencia ao cinema, é dicir, aquela entre 15 e 29 anos.

Respecto da postura dos axentes cinematográficos ante a cuestión idiomática, atopamos voces que seguen a loitar polo galego e a denunciar o esquecemento que se fai del desde o propio sector e desde as políticas audiovisuais do goberno galego. Porén, a imaxe xeral é a dun sector cinematográfico no que a lingua pesa moi pouco, sendo esquecida en máis da metade das producións rodadas entre o ano 2000 e o 2015. Unha situación que dista da convivencia entre castelán e galego e do traballo de promoción da lingua galega que se vende desde a Xunta de Galicia. Finalmente, afirmamos que o goberno galego, a través das súas políticas audiovisuais, está a levar a cabo un proceso de lavado do galego mediante un cambio na linguaxe das súas subvencións. A lingua galega, outrora requisito indispensable para acceder a estas axudas, agora é camuflada baixo o concepto “contido cultural galego”, ou variacións deste termo, conseguindo así que, os requisitos sexan máis flexible e permitan deixar de lado o idioma.

Rematamos afirmando que existe un autoborrado da lingua, e, por tanto, da identidade, galega, no que participan todas as pezas do sistema cinematográfico galego. Galicia aparece como calquera outro punto do panorama cinematográfico mundial. Desposuído de lingua propia, o cinema galego é substituído por unha cadea industrial de producións no que o que se busca é o éxito financeiro, borrando, se é

preciso, lingua e identidade para converter o filme nun filme globalizado, é dicir, nun filme branco, onde as posibilidades de identificar un filme como pertencente a unha filmografía nacional sexan as menos posibles.

Bibliografía

Axencia Galega de Industrias Culturais. (2013). *Catálogo Films From Galicia 2013*.

Consultado o 10 de Xaneiro de 2017, desde Páxina web de AGADIC:

http://www.agadic.gal/temas/agadic/gfx/publicacion/films_from_galicia.pdf

Axencia Galega de Industrias Culturais. (2015). *Catálogo Films From Galicia 2015*.

Consultado o 27 de Febreiro de 2017, desde Páxina web de AGADIC:

<http://www.agadic.gal/temas/agadic/gfx/publicacion/FFG15.pdf>

Axencia Galega de Industrias Culturais. (2016). *Catálogo Films From Galicia 2016*.

Consultado o 27 de Febreiro de 2017, desde Páxina web de AGADIC:

<http://www.agadic.gal/temas/agadic/gfx/publicacion/FFG16.pdf>

Axencia Galega de Industrias Culturais. (2017). *Catálogo Films From Galicia 2017*.

Consultado o 27 de Febreiro de 2017, desde Páxina web de AGADIC:

<http://www.agadic.gal/temas/agadic/gfx/publicacion/FFG17.pdf>

Beramendi, J. (2007). *De provincia a nación. Historia do Galeguismo político*. Vigo: Xerais.

Campoy, C., Costa, X., & Pagán, A. (2006, 3 15). Misérias do audiovisual galego. Do compromiso com a lingua (III). En *Novas da Galiza*.

Consello da Cultura Galega (2017). *Prácticas e actitudes lingüísticas da mocidade en Galicia*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega

Crofts, S. (1993). Reconceptualizing national cinema/s. En *Quarterly Review of Film and Video* , 49-67.

Diario Oficial de Galicia. (1999). *Lei 6/1999, do 1 de setembro, do audiovisual de Galicia*. Consultado o 10 de Xaneiro de 2017, desde Páxina web do Diario Oficial de Galicia: http://www.xunta.gal/dog/Publicados/1999/19990908/AnuncioEFFE_gl.html

Fernández, M. A. (2010). O cine e o audiovisual. In V. F. Freixanes, & A. Meixide Vecino, *O capital da cultura: unha achega ás industrias culturais de Galicia* (pp. 393-429). Fundación CaixaGalicia, CIEF.

Freixeiro Mato, X. R. (2006). *Lingua, nación e identidade*. Bertamiráns / Ames: Edicións Laiovento.

Instituto de la Cinematografía y las Artes Visuales. *Base de datos de películas clasificadas*. Consultada o 25 de Marzo de 2017, desde Páxina web do Instituto de la Cinematografía y las Artes Visuales:

<http://www.mcu.es/bbddpeliculas/cargarFiltro.do?layout=bbddpeliculas&cache=init&language=es>

Instituto Galego de Estatística. *Instituto Galego de Estatística*. Consultada o 20 de Marzo de 2017, desde Páxina web do Instituto Galego de Estatística:
<https://www.ige.eu/>

Lorenzo, a. (2008). A situación sociolingüística do galego: unha lectura. *Grial, revista galega de cultura* , pp. 19-31.

Martin-Jones, D., & Montañez, M. S. (2013). Uruguay Disappears: Small cinemas, Control Z Films, and the aesthetics and politics of auto-erasure. *Cinema Journal* , 26-51.

Monteagudo, H. (2012). *Facer país co idioma. Sentido da normalización lingüística*. A Coruña: Real Academia Galega.

Moreira, M. (2011). *Tese de Doutoramento: "Contra a morte das linguas: o caso galego"*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.

Moreno Cabrera, J. C. (2008). *El nacionalismo lingüístico*. Barcelona: Península.

Rivera, M. (2004, 3). Sobre o cine galego. *Revista da Academia Galega do Audiovisual* .

Roca Baamonde, S., Rodríguez Vázquez, A.I. & Pérez Pereiro, M. (2015). Versión orixinal galega. Producción e distribución do cinema en linguas minorizadas no contexto dixital. En *eDCINEMA. Cara o Espazo Dixital Europeo. O papel das cinematografías pequenas en v.o.*, 77-111.

Sommer, D. (2012). Arte y responsabilidad. En Arroyo, P. (ed), *Pensar los estudios culturales desde España* (pp. 139-163). Madrid: Verbum Ensayo.